



004212 04.05.2015 11:34

## INSTRUCCIÓN VIII/2015 POLA QUE SE ESTABLECE O TOPE DE REMUNERACIÓN POR HORA DE COLABORACIÓN DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS EN TÍTULOS PROPIOS

O Regulamento de Estudos Propios de Posgrao e Cursos de Formación Continua aprobado na sesión do Consello de Goberno do día catro de febreiro de dous mil quince dedica o artigo 11 ao persoal de apoio, no que entre outros aspectos regula a posibilidade de que o persoal de administración e servizos poida prestar con carácter voluntario a súa colaboración na xestión e organización de títulos propios.

En particular, o punto 2 deste artigo establece que “*O persoal de administración e servizos colaborador non poderá dedicar máis de 75 horas por curso académico e sempre fóra do horario do seu traballo habitual. A súa participación deberá ser autorizada pola Xerencia.*”

Así mesmo, o punto 5 prevé que “*O tope de remuneración por hora de colaboración será fixado pola Xerencia.*”

Para os efectos de determinar o límite de remuneración por hora débese ter en conta o alcance da colaboración a desenvolver. Tamén se entende procedente homoxeneizar o dito límite, por grupos, para os colectivos funcional e laboral, considerando a retribución base e tomando como referencia o promedio do valor da hora ordinaria de ambos colectivos.

### En consecuencia a Xerencia resolve:

Establecer o tope de remuneración por hora de colaboración do PAS nos Estudos Propios de Posgrao e Cursos de Formación Continua segundo a seguinte escala:

GRUPO PAS LABORAL	GRUPO PAS FUNCIONARIO	TOPE MÁXIMO POR HORA DE COLABORACIÓN
I	A1	20,71
II	A2	17,17
III	C1	14,00
IV	C2	12,53

Santiago de Compostela, 04 de maio de 2015



O xerente

José Manuel Villanueva Prieto